


UNHA EXCURSIÓN POLO MONTE



O próximo venres 12 de marzo irei de excursión cos meus compañeiros/as de clase ao monte que temos detrás da nosa escola.

Irán cos nós os nosos mestres e mestras e un axente forestal que se encargará de ensinarnos a fauna e a flora do lugar. Sairemos da escola ás 10 horas, teremos que ir ao patio, abrir a porta que temos pechada cunha corda e sairemos directamente a un sendeiro dende o que poderemos ver o río. No primeiro tramo do camiño, observaremos unha carballeira e diferentes especies de arbustos e musgo. Escoitaremos o cantar dos paxaros e se temos sorte igual miramos algún corzo.

Como xa nos explicou anteriormente o garda forestal o bosque pasa por diferentes momentos, cando é un bosque neno ten herba, cando é adolescente está cheo de toxos e xestas e sendo adulto énchese de grandes árbores como castiñeiros e carballos.

Subindo cara a parte alta da montaña divisaremos unha parte do encoro de Eiras. Nesa zona se nos fixamos nas pedras algunhas fan formas e mesmo podemos ver un sapoconcho se somos creativos e creativas. Seguiremos o noso camiño polo monte cara unha explanada de herba onde nos deteremos a tomar a nosa merenda.

Despois do pequeno almorzo comezaremos a plantación de árbores autóctonas nunha zona do bosque que foi queimada e necesita repoboarse con novas especies. Teremos que cavar un burato cunhas pas, introducir as raíces da árbore e regala.

É posible que ao pasear atopemos lixo polo chan, pois algunhas destas zonas empregábanse de vertedoiro, moita xente tiraba o lixo alí sen darse conta do dano que produce aos animais e as plantas.

Cando teñamos feita a plantación, voltaremos de camiño para a escola. É posible que miremos vacas e cabalos pastando na herba. Será un día fantástico, no que coñeceremos o lugar que nos rodea e aprenderemos como coidalo.

Teremos que cavar un burato cunhas pas, introducir as raíces da árbore e regala.

observaremos unha carballeira e diferentes especies de arbustos e musgo.

Irán cos nós os nosos mestres e mestras e un axente forestal .

Subindo cara a parte alta da montaña divisaremos unha parte do encoro de Eiras.

Será un día fantástico, no que coñeceremos o lugar que nos rodea e aprenderemos como coidalo.

algunhas destas zonas empregábanse de vertedoiro.

QUE SIGNIFICAN ESTAS PALABRAS?

AXENTE FORESTAL:

VERTEDOIRO:


AUTÓCTONAS:

FAUNA:

SAPOCONCHO:

EXCURSIÓN:

CANTOS NOMES DE ANIMAIS RECORDAS?



ORDENA LETRAS E FORMA PALABRAS

1. liptoeuca

2. ospoar

3. allobcar

4. orzco

5. ñaip

6. rheba

7. usgmo

8. avca

9. locaba

10. pxroaas

11. lnadra

12. staxe

13. oxto

14. abrac

15. vroaci

16. ouroleir

17. sapdre

18. ior

